

Alumnos admitidos cara o curso 2011-2012

Segundo nos informa a Dirección do Colexio todas as solicitudes de reserva de prazas para o curso 2011-2012, dos niveis que se indican a continuación, foron admitidas:

- 4º nivel de E.Infantil (3 anos)
- 5º nivel de E.Infantil (4 anos)
- 1º de Educación Primaria
- 2º de Educación Primaria
- 3º de Educación Primaria
- 4º de Educación Primaria
- 5º de Educación Primaria
- 6º de Educación Primaria

Quedan pendentes de resolver as solicitudes de 6º nivel de Educación Infantil (5 anos): 103 solicitudes para 100 prazas ofertadas.

O Departamento Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria resolverá ditas solicitudes nun prazo de 15 días

Situación curso 2011-2012

O aumento de matrícula suporá a creación de 3 aulas máis e a conseguinte eliminación dunha aula destinada a desdobres de inglés, outra para Pedagogía Terapéutica e outra resultante da habilitación dun Almacén.

Sen embargo este aumento de matrícula traerá consigo un aumento de profesorado e a conseguinte redución da ratio nalgúns cursos.

URXE un novo colexio

CESIÓN TERREOS

No pleno municipal do pasado 26 de abril, aprobouse por unanimidade a cesión dos terreos por parte do Concello á Xunta de Galicia para a construción dun novo centro de infantil de 18 unidades.

LICITACIÓN REDACCIÓN DO PROXECTO

A ANPA Brigantium demanda a urxente licitación da redacción do proxecto e está á espera de ter unha entrevista coa Xefa Territorial da Consellería de Educación para coñecer de primeira man o estudo de necesidades no que está a traballar a Consellería.

Unha recente nota aparecida na web da Xunta de Galicia falaba da construción dun aulario en lugar dun colexio de infantil. A xunta directiva da ANPA, pediu explicación á Xunta de Galicia a través da Alcaldesa de Betanzos e se confirma que o que se vai a construír en Betanzos é un colexio de 18 unidades independente do CEIP Fco. Vales Villamarín.

REMODELACIÓN DO EDIFICIO DE PRIMARIA DO CEIP Vales Villamarín

Non nos esquezamos de que necesitamos tamén un proxecto de remodelación para o actual edificio de primaria. Este proxecto debe estar listo antes de rematar este ano 2011, senón será outro ano perdido.

CONSTRUCCIÓN DO NOVO COLEXIO

Resultará inimaxinable comezar o curso 2012-2013, sen o novo colexio listo para impartir as aulas



Comercio ACEBE (vantaxes)

O pasado 26 de abril quedou formalizado o convenio entre ACEBE e a ANPA Brigantium.

Para acceder aos descontos e condicións vantaxosas ofrecidos por cada establecemento colaborador o socio da ANPA deberá identificarse **por medio do carné de socio** do curso académico vixente. O establecemento poderá solicitar a presentación do DNI para a identificación do posuidor do carné.

A lista de comercios que ofrecen descontos aos socios da ANPA está **dispoñible no blog da ANPA**, onde ademais se detalla o tipo de desconto ofertado por cada comercio.

Os comercios colaboradores sinalarán os seus establecementos cun distintivo común que indique que ese comercio ofrece descontos aos socios da ANPA Brigantium

Fe de errata: No boletín anterior mencionábase a Librería DONIN, como empresa colaborada. Esta información debe considerarse errónea, quedando a Librería DONIN, fora do convenio ACEBE – ANPA.

Proxecto ABALAR

A Dirección do CEIP, en colaboración co Concello de Betanzos, decidiu facer unha inversión de 10.500€, para adaptar a instalación do colexio as necesidades mínimas para poder optar ao proxecto ABALAR (uso de ordenadores en 5º de Primaria). O investimento alcanza para preparar 10 aulas completas e unha aula a maiores, que quedará cunha preinstalación.

Consello Escolar Extraordinario

No consello escolar do pasado 3 de maio aprobouse por unanimidade o Plan de Biblioteca Escolar, liderado con moito acerto, a criterio do ANPA, por Mª Carmen Bello. Este Plan tamén conseguiu a aprobación de todo o claustro de profesores.



9º Torneo Interaulas 2011

Do 6 ata o 17 de xuño, celebrarase, dentro do recinto escolar e en horario de tarde, 9ª edición do Torneo Interaulas 2011.

Con este torneo preténdese promocionar a actividade física, contribuír á mellora das relacións entre os alumnos na parte da educación non docente, así como poñer en valor as actividades extraescolares que se desenvolven neste centro educativo.

Poderán anotarse tódolos nenos/as que cursen Primaria no CEIP Fco. Vales Villamarín

A inscrición é totalmente de balde.



Imaxe correspondente á 8ª Torneo, celebrado no 2010

As modalidades nas que poderá participar son: baloncesto, fútbol sala, bádminton, tenis de mesa e atletismo.

Os nenos poderán inscribirse en tantas modalidades como queiran

Os alumnos que queiran participar deberán **comunicarlllo ao seu TITOR, antes do 12 de maio.**

As competicións celebraranse polas tardes entre o 6 e o 17 de xuño, dentro do recinto escolar.

A relación dos equipos e participantes estará exposta na entrada do CEIP e na entrada do pavillón de deportes do colexio a partir do 31 de maio, xunto co calendario do torneo.

RECOLLIDA DE LIBROS

en colaboración coa
Cruz Vermella



Cruz Vermella

Lembrede que a finais de xuño abriremos un período de tempo para depositar os libros de texto que xa non necesitedes no colexio, para doarllos aos nenos máis desfavorecidos a través da Cruz Vermella.

Grazas de novo pola vosa colaboración

ADC Vales Villamarín Acti vi dades Extraescol ares

ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA

Mércores, 11 de maio ás 20:00 (2ª convocatoria)

Apoiado nunha recente enquisa aos socios e de acordo cos seus estatutos, a xunta directiva da ADC Vales Villamarín, por unanimidade, proporá na asemblea extraordinaria do mércores, 11 de maio, a **disolución da ADC Vales Villamarín** e a xestión das actividades extraescolares a través da ANPA Brigantium do CEIP Fco. Vales Villamarín.


Dado que se trata dun tema de gran relevancia rogámoslle a tódolos socios/as da asociación a asistencia é participación na mencionada asemblea.

NOVAS DE BALONCESTO



Roque, pertencente á ADC Vales Villamarín, baixo a tutela do Club de baloncesto Santo Domingo, vén de participar coa selección galega no Campionato de España de Minibasket celebrado en San Fernando (Cádiz).

PARABÈNS.




(F1) Cesión Terreos



(F2) Redacción Proxecto



(F3) Construción



(F4) Colexio novo funcionando

fase (F1): maio 2011

fase (F4): verano 201_?

Buscádenos na rede

<http://anpabrigantium.blogaliza.org/>

facebook: anpabrigantium

aínda que non sexas socio/a,
ánimate a consultarnos
anpabrigantium@gmail.com



CONCELLO DE BETANZOS
CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN

ANPA Brigantium